



Segundo a Free Software Foundation, o software libre está formado por aqueles programas que teñen unha licenza que dá a todos aqueles que reciban unha copia do programa as seguintes liberdades:

Liberdade para executar o programa, con calquera propósito.

Liberdade para estudar o seu funcionamento e adaptalo ás necesidades do usuario; para que isto se poida cumprir, debe garantirse o acceso ao código fonte do programa.

Liberdade para redistribuír copias do programa.

Liberdade para distribuír copias da versión modificada do programa; para que isto se poida cumprir, de novo debe garantirse o acceso ao código fonte do programa.

Como post-grao tecnolóxico que é, o Máster en Software Libre constitúe ano a ano un marco perfecto para incentivar a creación. O propio Software Libre é unha ferramenta perfecta para crear, concedéndolle tanto aos programadores como aos usuarios a garantía de poder traballar nun contexto de liberdade no que se promove o coñecemento, o traballo colaborativo, a xeración de valor... e unha longa lista de valores intrínsecos en calquera ética xusta.

Como na primeira edición do Máster, na segunda promoción [ano 2008-2009] tamén viron a luz un conxunto moi completo de traballos técnicos, parte dos cales están recollidos no presente libro.

Tanto se estás interesado en temas técnicos sobre o software libre, como se tes interese na súa faceta máis filosófica ou social, neste libro contas con artigos que che poden ser de utilidade, ou que cando menos poden darche un empurrón para que te embarques no increíble mundo do Software Libre.

O presente libro está composto polas teses fin de máster, ou traballos, dos seguintes ex-alumnos da segunda edición do Máster en Software Libre:

Manuel Fontán García
Pedro García Rodríguez
Javier Jardón Cabezas
Beatriz Montero Fernández
José Puente Fuentes
Manuel Rego Casasnovas


Edita:



ISBN: 978-84-940033-9-4



Patrocina:



MÁSTER SOFTWARE LIBRE EN GALICIA, ANO II

MÁSTER SOFTWARE LIBRE EN GALICIA, ANO II

Compendio de resultados
da edición 2008-2009

Asociación 

Prólogo e Epílogo obra de Agasol
e da Asociación GPUL



A Asociación GHANDALF é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa na consecución do obxectivo xeral da construción dunha sociedade do coñecemento baseada nos principios de libre acceso e uso do software e da información. GHANDALF loita na procura deste ambicioso obxectivo mediante a implementación de actividades concretas, correctamente artelladas nunha estratexia definida, tales como a divulgación da filosofía e as posibilidades do software libre, a promoción das vantaxes que fornece nos eidos de fomento da competitividade e a innovación, o impulso dos estándares abertos, etc.

Se quixeres colaborar na mellora da sociedade desde o punto de vista da tecnoloxía, os membros da Asociación GHANDALF estaremos encantados en prestarche toda a axuda que poidamos.

<http://www.ghandalf.org>
<http://mswl.ghandalf.org>
<http://mswl2.ghandalf.org>